

ORGANIZA:

Consello Galego de Relacións Laborais

Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña (ERLAC)

Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense

PERSOAS DESTINATARIAS:

- Organizacións empresariais e sindicais
- Graduados/as Sociais
- Alumnado da Escola Universitaria de Relacións Laborais
- Avogados/as
- Profesionais e persoas interesadas
- Inspectores/as de Traballo

INSCRICIÓNS:

Faranse por orde de solicitude, dende o 27 de abril ata o 10 de maio de 2023

formación.cgrrl@xunta.gal

ASISTENCIA:

Acreditarase a asistencia á xornada



Colegio de Graduados Sociales de A Coruña e Ourense

XORNADAS 2023

A IRRUPCIÓN DO ALGORITMO E A INTELIXENCIA ARTIFICIAL NAS RELACIÓNS LABORAIS

Sede da ERLAC
Rúa Leopoldo Alas "Clarín", 2

A Coruña, 11 de maio de 2023

A IRRUPCIÓN DO ALGORITMO E A INTELIXENCIA ARTIFICIAL NAS RELACIÓNS LABORAIS

9:30 INAUGURACIÓN

Antía Sández Callejo
Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais

Jesús Vázquez Forno
Decano da ERLAC

Susana Soneira Lema
Presidenta do Colexio de Graduados Sociais da
Coruña e Ourense

9:45 HACIA UN DEREITO DIXITAL DO TRABALLO: ALGORITMO E INTELIXENCIA ARTIFICIAL

Jesús R. Mercader Uguina
Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade
Social na Universidade Carlos III de Madrid

Moderador: Antonio Martínez

Debate

10:30 A INTELIXENCIA ARTIFICIAL NAS RELACIÓNS LABORAIS: A VISIÓN XURISPRUDENCIAL

María Teresa Conde-Pumpido Tourón
Ex Maxistrada da Sala do Social do Tribunal Superior
de Xustiza de Galicia

Moderador: Susana Soneira Lema

Debate

11:15 PAUSA-CAFÉ

11:45 MESA AXENTES SOCIAIS

Intervenirán representantes de CIG, SN de CCOO de Galicia
e UGT-Galicia, e da CEG

Moderador: *Cristina Fabeiro Varela*

Debate

12:30 A INTELIXENCIA ARTIFICIAL AO SERVIZO DOS CIDADÁNS NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL E DAS ITTS

Juan Luis Martínez de Vega Llorente
Inspector de Traballo e Seguridade Social. Responsable da
Ferramenta da Loita contra a Fraude. OEITSS

Moderador: Demetrio Fernández López

Debate

13:15 CLAUSURA

RESUMO DA XORNADA

A Industria 4.0 é a orixe dunha nova revolución —a coñecida como Cuarta Revolución Industrial— que mestura vangardas técnicas de produción con sistemas intelixentes que se integran coas organizacións e as persoas. O algoritmo ou os sistemas de intelixencia artificial sérvencelles ás empresas para tomar decisións de forma automatizada que afectan as persoas traballadoras en materia de contratacións, determinación de horarios, avaliación de rendemento, control de produtividade, ascensos, despido etc. Métodos que, en ocasións, poden ser descoñecidos para as propias persoas traballadoras ou candidatas a un posto de traballo, que poden considerar que ditas decisións son tomadas por persoas humanas.

Neste contexto, a proliferación do uso de tecnoloxía intelixente e dos sistemas de decisión automatizada pode provocar riscos para os dereitos fundamentais das persoas traballadoras, como o dereito á privacidade (artigo 18.1 CE), a protección de datos persoais (artigo 18.4 CE), a igualdade e non discriminación (artigo 14 CE) e a seguridade e saúde laboral (artigo 15 CE).

A normativa vixente establece obrigacións empresariais de información con obxecto de que as persoas afectadas saiban que os seus datos están a ser tratados de forma automatizada e que certos elementos da súa relación laboral (contratación, condicións laborais, despedimentos etc.)/ etc.) dependen dun algoritmo. Pero probablemente esta revolución tecnolóxica nos obrigará a unha reflexión moito máis profunda desde o punto de vista laboral para garantir os dereitos fundamentais das persoas traballadoras en xogo.

Esta xornada constitúe un bo punto de partida para abordar esta nova materia, dado que se seleccionaron relatoras da máxima categoría académica e profesional que nos convidarán a achegarnos á mesma desde a súa ampla experiencia como laboralistas.

Dirección da Xornada

. **Antía Sández Callejo** (presidenta do CGRL)

. **Jesús Vázquez Forno** (Decano da ERLAC)

. **Susana Soneira Lema** (presidenta Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense)